CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe dúas características da música tradicional galega	PE	20
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Amosa curiosidade pola música tradicional galega	TI	80
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca información sobre agrupacións tradicionais galegas		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Diferenza entre vals e muíñeira		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Asume o rol de xénero contrario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos

- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
10	FESTIVAL	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Escrebe unha melodía con intervalos de 2º e 3º	PE	20
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Escrebe un ritmo de 4 pulsos para o acompañamento		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñece auditivamente a 3º menor	TI	80
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Presenta unha proposta de son corporal para o baile		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as súas creacións		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Ten actitude positiva ante a actividade proposta		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Amosa curiosidade polo baile creado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Busca similitudes nos pasos que propón cos bailes aprendidos durante o curso		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce un movemento con percusión corporal		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa activamente no baile		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas de comportamento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.

Contidos

- Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgúnhas cuestións a tratar ao longo deste último nivel do 2º ciclo e do resto da etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a fruta doce
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz
- dixitación das notas traballadas na fruta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de Percusión de Altura determinada e indeterminada
Fruta

baquetas
Estoxo, libreta pentagramada e clasificadora de anillas
Guitarra
Piano
Ordenador
Equipo de son (mesa, altofalantes, micro)
Pizarra dixital e proxector

A aula de música é ampla e espaciosa. Conta con dous espazos diferenciados, a metade da aula conta con cadeiras e mesas onde se fan as actividades de escoita e escritura, a outra metade esta completamente libre o que permite facer actividades en grupo como baile, orquestra Orff. Hai ordenador e pizarra dixital, así coma equipo de son.

Temos a disposición do alumnado instrumentos de pequena percusión e intrumental Orff, tamén contamos con guitarra e piano na aula.

O alumnado debe aportar a fruta, baquetas, libreta pentagramada, estoxo e arquivador de aneis.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cançons/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI e PAD.
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	35	50	50	50	25	15	10	40	20	20
Táboa de indicadores	65	50	50	50	75	85	90	60	80	80

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	32
Táboa de indicadores	68

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 20% + UD2 20% +UD3 20% + UD4 20% +UD5 20%

-2º trim.: UD6 25% + UD7 35%+ UD8 40%

-3º trim.: UD9 50% + UD10 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 25%

-2º trim. 35%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

O 3º trimestre é onde o alumnado ten que poñer en práctica todo o aprendido ao longo do curso, polo que se supera o 3º trimestre terá superado o curso.

Na derradeira semana terá lugar unha proba de recuperación para aqueles que non lograrán os mínimos

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquiera os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X		X	
ET.2 - Expresión oral e escrita								X
ET.3 - Comunicación audiovisual								
ET.4 - Competencia dixital							X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento						X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres				X		X		
ET.7 - Educación para a paz, prevención e resolución pacífica de conflitos						X	X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible					X			
ET.9 - Educación para a saúde			X			X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual		X
ET.4 - Competencia dixital		
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento		X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		X
ET.7 - Educación para a paz, prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		
ET.9 - Educación para a saúde		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída Concerto didáctico	O alumnado acudirá a un dos concertos didácticos ofertados para alumnado de primaria do Auditorio de Galicia			
Actuación en público	No entroido e no festival de fin de curso diante dos pais, no Samaín, Magosto e Oute sgrita NON!, diante dos comañeiros do colexio			
Radio	elaborarán un progrma de radio para emitir na radio do colexio			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista	Farán unha entrevista a un grupo de música local para a radio			
Concerto individual	Nos venres de concerto na biblioteca do centro, aquel alumnado que toque algún instrumento poderá facelo na biblioteca durante un venres no recreo			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqú recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados